

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2019/15

DATA: xoves 28 de novembro de 2019

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 22:50 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA MONICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
ADELINA CES QUINTANS
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO MOARES RIAL
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARIA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
FRANCISCO RUBIO VICENTE

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 14 /2019 do Pleno en sesión ordinaria do 31/10/2019 e Acta nº 16/2019 do Pleno en sesión extraordinaria urxente do 7/11/2019
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 165,286 exp. 2019/G010/000015

3. Aprobación inicial do Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo
4. MOCIÓN PARA A DEFENSA DA IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E OS MATRIMONIOS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUVEZ.
5. MOCIÓN APOIO A INICIATIVAS DE CARÁCTER LABORAL
6. MOCIÓN: POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES EN RIANXO.
7. MOCIÓN: DECLARACIÓN DO RÍO TE COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL.
8. MOCIÓN: ADECUACIÓN INTEGRAL DA PISTA DE OUTEIRO-CAMPELO (ARAÑO)
9. CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO
10. DECLARACIÓN DE ALDEA MODELO A UN NÚCLEO RURAL DO CONCELLO DE RIANXO
11. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:

3416f2025660de26b8f0ba342eaa0f8cc83a8a74c31516afb3fc3e239596663a

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=SLULbYcannI>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTA Nº 13/2019 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 21/10/2019 - ACTA Nº 14 /2019 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 31/10/2019 E ACTA Nº 16/2019 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE DO 7/11/2019

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 13/2019 de 21/10/2019.**

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 21/10/2019, Acta nº 13/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

- **A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 14/2019 de 31/10/2019.**

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 31/10/2019, Acta nº 14/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

- **A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 16/2019 de 7/11/2019.**

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 7/11/2019, Acta nº 16/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2019 ata o 31/10/2019, que comprenden os números 842/2019 ao 926/2019, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 19 da Sesión ordinaria do día 3/10/2019
- Acta nº 20 da Sesión ordinaria do día 17/10/2019

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE RIANXO.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

“O art. 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que corresponde ós concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ao previsto na presente Lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

O Concello da Rianxo adheriuse ó “Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias”.

Dentro da colaboración económica e a cooperación técnica prevista no citado convenio, tamén se inclúe a prestación pola Administración Autonómica de asistencia técnica e apoio aos concellos adheridos para a tramitación por estes dos procedementos de aprobación dos plans de prevención, delimitación de faixas e de execución subsidiaria da súa competencia.

Con data 05.11.2019 (Rex. entrada 20190000005471) recibíuse neste Concello o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais elaborado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) de data setembro de 2019 ao abeiro do citado convenio de colaboración, e que comprende:

1.- Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) (Formato papel)

2.- Soporte dixital en formato CD

2.1.- Plan de prevención en formato impresión

2.2.- Cartografía en formato A1 para impresión

2.3.- Plan en formato pdf para consultas

O art. 13 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG) establece que “o planeamento da defensa fronte ós incendios forestais, de acordo co establecido na lexislación galega de emerxencias, configúrase como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais”.

Entre a competencias que o art. 7 da Lei 3/2007, atribúe ás entidades locais, está a elaboración e aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF), consonte ó previsto na dita lei e na lexislación galega de montes, e integralo nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

A súa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (art. 16.4 LPDIFG). Así mesmo, o art. 16.4 atribúelle ós alcaldes a coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

De conformidade co art. 16 da LPDIFG, a estrutura do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias. En deshaucio en todo caso, incluírá a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto da presente Lei no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

Polo que respecta ó procedemento de elaboración e aprobación do Plan, a única previsión da lei LPDIFG ao respecto é que a súa aprobación debe ir precedida de informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal (art. 16.3).

Pola súa parte, a lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, dentro das clases de plans contempla os plans especiais contra incendios forestais, establecendo que os plans especiais de ámbito municipal ou supramunicipal se integrarán nos plans de protección civil correspondentes. No seu art. 33 establece que os plans municipais serán aprobados polos Plenos dos Concellos, previa información pública. A tales efectos, o documento publicarase na páxina web do Concello de Rianxo (<https://concelloderianxo.gal>), e estará a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Rianxo, sito na Pza. Castelao, 1 - 15920 - Rianxo (A Coruña). Todo isto, sen prexuízo doutras fórmulas de difusión do documento que se consideren necesarias e oportunas para garantir o seu xeral coñecemento e posibilitar a achega

de alegacións.

Conforme ao manual básico de procedemento para a planificación da prevención e a execución de competencias en materia de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias facilitado ao Concello e en base ao exposto anteriormente, propoño ó Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro: APROBAR INICIALMENTE o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo”, elaborado polos técnicos competentes da entidade pola Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) de data setembro de 2019, e remitido a este Concello en data 5 de novembro de 2019, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, convenio ao que está adherido este Concello.

Segundo: Someter o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo ao trámite de INFORMACIÓN PÚBLICA polo prazo de 20 DÍAS HÁBILES, a contar dende a publicación do correspondente anuncio no BOP da Coruña, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

Terceiro: PUBLICAR o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo”, na páxina web do Concello de Rianxo (<https://concelloderianxo.gal>), quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Rianxo, sito na Pza. Castelao, 1 - 15920 - Rianxo (A Coruña).

Cuarto: DAR TRASLADO do presente acordo, xunto coa documentación completa do Plan, unha vez rematado o período de información pública, coas alegacións que, no seu caso, se tivesen presentado, á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural aos efectos da emisión do correspondente informe preceptivo e vinculante previo á aprobación definitiva (art. 16.3 da LPDIFG).

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, acordan por 8 votos a favor (3 BNG, 2 PSOE, 2 PP e 1 RC) 0 votos en contra e 0 abstención dos 8 membros presentes dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR INICIALMENTE o "Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo", elaborado polos técnicos competentes da entidade pola Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) de data setembro de 2019, e remitido a este Concello

en data 5 de novembro de 2019, ao abeiro do Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, convenio ao que está adherido este Concello.

SEGUNDO

Someter o "Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo" ao trámite de INFORMACIÓN PÚBLICA polo prazo de 20 DÍAS HÁBILES, a contar dende a publicación do correspondente anuncio no BOP da Coruña, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

TERCEIRO

PUBLICAR o "Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo", na páxina web do Concello de Rianxo (<https://concelloderianxo.gal>), quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Rianxo, sito na Pza. Castelao, 1 - 15920 - Rianxo (A Coruña).

CUARTO

DAR TRASLADO do presente acordo, xunto coa documentación completa do Plan, unha vez rematado o período de información pública, coas alegacións que, no seu caso, se tivesen presentado, á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural aos efectos da emisión do correspondente informe preceptivo e vinculante previo á aprobación definitiva (art. 16.3 da LPDIFG).

Rematado o debate, o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

4 MOCIÓN PARA A DEFENSA DA IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E OS MATRIMONIOS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUVEZ.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a DEFENSA DA IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E OS MATRIMONIOS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUVEZ.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que constitúen a corporación.

O Alcalde cede a palabra a concelleira do grupo Ciudadanos, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estase a dar en España unha situación de grave desequilibrio entre cidadáns que deciden contraer matrimonio e aqueles que optan por rexistrarse oficialmente como parellas de feito. Esta situación está xerada polas deficiencias que a actual lexislación en materia de parellas de feito leva en canto ós requisitos de acceso á pensión de viuvez.

A decisión de formar parella de feito, inda conleva importantes diferenzas en coberturas e protección. O Real Decreto Lexistativo 8/2015, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley General de la Seguridad Social, que regula o dereito das parellas de feito a ter acceso á mencionada pensión, no seu artigo 221, inclúe as condicións que as parellas de feito deben cumprir para poder acceder á pensión de viuvez.

Entre os mesmos, imponse a necesidade de que ditas parellas estén constituídas por un período mínimo de 5 anos. De igual xeito, establécese que os ingresos económicos do membro da parella sobrevivinte non alcanzara durante o ano natural anterior ó falecemento o 50% da suma dos propios e dos do causante no mesmo período, ou no 25% no caso da existencia de fillos.

Ao valorar os ingresos, a Lei non ten en conta a situación do sobrevivinte ó momento da morte, é permanente ou de carácter simplemente circunstancial, co que unicamente se teñen en conta os ingresos do membro que sobrevive nun período determinado (o ano anterior ó falecemento) convertendo a situación en completamente inxusta para quen opta por este tipo de unión de parellas.

No caso concreto que non se cumpran estes dous últimos requisitos, só se recoñecerá o dereito á pensión de viuvez cando os ingresos do sobrevivinte resulten inferiores a 1,5 veces o importe do salario mínimo interprofesional. Se ben esta última cláusula establece nun intento de salvagardar a pensión nos supostos de necesidade económica, a intencionalidade final da norma, non é tratar de garantir un mínimo vital, senón a de evitar a desprotección da familia, ó producirse unha redución dos ingresos por mor do falecemento do cónxuxe.

Os requisitos sinalados supoñen unha clara vulneración do artigo 14 da Constitución, por medio do cal proclámase o principio de igualdade. A pensión de viuvez ten unha natureza contributiva, da que a persoa se beneficia polo que cotizou o cónxuxe en vida. É por ese motivo, ó igual que ocorre no caso dos matrimonios, que unha persoa que ostente o dereito á pensión pode compatibilizala cas rendas do traballo, non tendo sentido que establezan condicións máis gravosas ás unións de feito.

ACORDOS

1. Instar ó Goberno de España á modificación dos conespondentes preceptos do Real Decreto Lexistativo 8/2016 e de todas aquelas normas relacionadas con el, para equiparar os dereitos no acceso á pensión de viuvez das parellas de feito co dos matrimonios civís.
2. Instar ó Goberno de España a que no prazo máximo dun ano, aprrobe un proxecto de Lei de Parellas de Feito, polo que se incorpore no Código Civil unha regulación do réxime da

parella de feito aplicable en todo o territorio nacional, así como que incorpore as modificacións oportunas noutras normas para evitar calquera tipo de discriminación xurídica das parellas de feito fronte ós matrimonios por razón do seu estado civil ou da natuza ou formalidade da súa relación de convivencia, cando concorren o resto de requisitos que se establezan en cada caso.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

A voceira do PSOE sinala que está conforme coa moción, e votará a favor da mesma, sempre e cando a propoñente modifique o do prazo máximo dun ano, noutro caso que non poderá votar a favor da mesma neses termos.

Manifestando os diferentes voceiros, incluída a propoñente da Moción, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1. Instar ó Góverno de España á modificación dos correspondentes preceptos do Real Decreto Legislativo 8/2016 e de todas aquelas normas relacionadas con el, para equiparar os dereitos no acceso á pensión de viuvez das parellas de feito co dos matrimonios civís.
2. Instar ó Góverno de España, a que aprobe un proxecto de Lei de Parellas de Feito, polo que se incorpore no Código Civil unha regulación do réxime da parella de feito aplicable en todo o territorio nacional, así como que incorpore as modificacións oportunas noutras normas para evitar calquera tipo de discriminación xurídica das parellas de feito fronte ós matrimonios por razón do seu estado civil ou da natuza ou formalidade da súa relación de convivencia, cando concorren o resto de requisitos que se establezan en cada caso.

5 MOCIÓN APOIO A INICIATIVAS DE CARÁCTER LABORAL

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a APOIO A INICIATIVAS DE CARÁCTER LABORAL,

A secretaria da corporación pide a palabra para sinalar que, as propostas deberán concretar o acordo que se quere adoptar, debendo contar así cun expediente composto pola proposta de acordo a adoptar polo Pleno, e sen remisións a acordos anteriores adoptados polo Pleno, coa previa dispoñibilidade de créditos de supoñer un gasto para o Concello, unhas bases (de instrumentarse subvencións) etc. O señor Alcalde explica que entende que se debería ou ben de reconducir a un rogo ou ben modificar os seus termos antes de sometela a votación no senso de indicar por exemplo como indicou a secretaria que se acorda que ese estudie a implantación da liña de axudas.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constituíen.

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos en Rianxo vimos sufrindo unha perda constante de tecido empresarial e comercial, unha situación moi preocupante que é urxente reverter canto antes xa que, cada ano que se prolonga esa sangría, as consecuencias socio-económicas que supón agrávanse.

Non é obxectivo deste documento entrar polo miúdo nunha análise dos indicadores económicos, mais se lle botamos unha ollada aínda que sexa superficial, constatamos esa realidade á que vimos de facer mención.

Dende o ano 2012 até o 2018, Rianxo perdeu un total de 24 empresas, converténdose no único municipio da zona (tendo en conta os municipios de Boiro, Dodro, Padrón, Pobra do Caramiñal e Ribeira) que dende tivo todos os anos unha taxa de crecemento empresarial negativa, e o único que no 2018 rexistrou un número menor de empresas que no 2012 (591 no 2018 fronte ás 615 existentes seis anos antes), segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística.

É certo que nesta materia as competencias dun goberno municipal son limitadas, e que co marxe de manobra que se poida ter non chega, senón que é dende o compromiso e o traballo de todas as partes, a propia administración os profesionais dos diferentes sectores, así como dos veciños e veciñas de Rianxo, que esta situación se pode comezar a reverter.

Porén, pensamos que é unha obriga de quen goberna tomar a iniciativa e asumir a responsabilidade de poñer encima da mesa todo canto estea da súa man, para contribuír ao fin último de reverter a situación de perda de tecido empresarial e comercial que sufrimos.

Non repasaremos as actuacións do goberno anterior neste ámbito, porén, si que debemos sinalar que observamos unha certa inacción nesta área.

Ao inicio da lexislatura anterior xa se falou longamente da posta en funcionamento dun espazo de coworking no noso concello, xa daquela a prensa se fixo eco da súa inminente apertura. A día de hoxe, logo de que durante a campaña electoral tamén tivera protagonismo esta cuestión, debe de seguir durmíndo o sono do xustos.

Tamén na lexislatura pasada nomeadamente na sesión ordinaria do pleno da corporación celebrada o 5 de xullo de 2018, aprobouse, cos votos favorables do PSOE e BNG, unha proposta de Rianxo en común para a creación dunha liña de axudas destinadas a emprendedores, que tiveran como obxectivo o fomento e apoio de actividades de carácter empresarial que se estimaran de interese para o municipio. Esta cuestión que foi recollida nos programa electoral de

varios dos grupos da corporación, debe de estar acompañando áo espazo de coworking nun caixón esquecido dalgunha mesa.

o contexto non mudou moito, e a situación das nosas empresas segue empeorando. Porén si que mudou o goberno, que agora conta, ademais de cunha ampla maioría para levar a cabo as cuestións que estime oportunas neste ámbito, cunha dedicación exclusiva na área de desenvolvemento local, comercio e emprego, polo que pensamos que non sacar a diante dunha vez, por todas esas cuestións que están no tinteiro non se xustifica.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común, solicítalle ao pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. A implantación dunha liña de axudas (segundo o modelo descrito na proposta aprobada na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o 5 de xullo de 2018) a disposición das persoas que teñan unha idea de carácter empresarial – que terá que ser convintemente avariada e estudada por un equipo adecuado - de arredor de 5000€. Este importe será devolto nun prazo máximo de 5 anos a xuro 0%.

2. Posta en funcionamento do espazo de coworking coa necesaria aprobación do regulamento e taxas de uso

Ábrese unha quenda de debate, onde o señor Alcalde indica que de acordo co sinalado pola secretaria que se deberían de reconducir os termos da moción e así mesmo que dado que se está a dar unha imaxe moi negativa do que se fai no Concello de Rianxo que tamén se debería de modificar o apartado segundo para engadir que se recoñece que existe unha aula activa do mar como espazo de coworking que existe aínda que non esté completa, noutro caso no poderían apoiar a moción. Estando conforme o voceiro propoñente, sometese a votación coas enmendadas indicadas e o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

ACORDOS:

1. Que se estude a implantación dunha liña de axudas (segundo o modelo descrito na proposta aprobada na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o 5 de xullo de 2018) a disposición das persoas que teñan unha idea de carácter empresarial – que terá que ser convintemente avariada e estudada por un equipo adecuado - de arredor de 5000€. Este importe será devolto nun prazo máximo de 5 anos a xuro 0%.

2. Posta en funcionamento do espazo de coworking coa necesaria aprobación do regulamento e taxas de uso, recoñecendo que existe a Aula activa do Mar como espazo de coworking que xa existe aínda que non está completa.

6 MOCIÓN: POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES EN RIANXO.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES EN RIANXO.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constituíen.

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para os que defendemos que a solidariedade debe ser un dos principios básicos de calquera actuación política responsable, parécenos fundamental que os cartos públicos teñan como principal destino a creación e mantemento de servizos que axuden a cubrir as carencias máis importantes dos colectivos sociais máis desfavorecidos ou con maiores problemas.

Unhas das prioridades do Grupo Municipal de Rianxo en Común é a atención ás persoas maiores e especialmente a aquelas que teñan maiores necesidades e menos recursos, persoas que necesitan dunha atención especializada e en moitas ocasións individualizada.

De maneira tradicional, o coidado das persoas maiores dependentes efectúase dentro da rede da familiar (actividade que recaía e recae eminentemente nas mulleres), porén os cambios que se produciron nas últimas décadas no eido da demografía e da estrutura familiar que, entre outras consecuencias, supuxeron unha redución do tamaño das familias e da súa rede de apoio, e un crecemento exponencial do número de persoas maiores que viven soas.

No contexto actual, é necesario que dende as administracións se tomen as medidas necesarias e se poñan en funcionamento os servizos públicos precisos para afrontar esa situación, para garantir o coidado e atención das persoas maiores que o precisen, particularmente das persoas maiores dependentes, e para a desfeminización e profesionalización doas labores de coidados.

E necesario dotar ao concello de Rianxo dun centro de día, unha instalación onde as persoas maiores afectadas por un problema de deterioro físico, cognitivo ou outras circunstancias que dificulten a súa capacidade de autonomía para realizar as actividades cotiás, poidan asistir dende a mañá até a noite, non para permanecer alí pasivamente, senón, sobre todo, para recibir todo tipo de atención socio-sanitarias. Concibindo desta maneira, o centro de día debería dispoñer de comedor, terapia ocupacional, enfermería, asistencia social, etc. Sería preciso tamén dotalo dun servizo de transporte para que poidan asistir ao mesmo persoas de zonas afastadas do lugar onde finalmente se sitúe o centro, ou mesmo aquelas afectadas por problemas de mobilidade.

A petición de construción do cento de día en Rianxo é vella. Moitas foron as ocasión nas que as autoridades municipais a teñen reclamado no pasado, até o de agora sen éxito, a pesar de tratarse dunha demanda xusta e necesaria. Na pasada lexislatura o Grupo Municipal de Rianxo en Común presentou unha moción nos mesmos termos que esta que se presenta, a cal foi aprobada por unanimidade na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 25 de febreiro do 2016. Tamén por parte do goberno se levaron a cabo actuacións coa finalidade de dotar ao noso concello do servizo, entre as que habería que mencionar a adquisición do Pazo de Rianxiño por un importe de 1,6 millóns de euros, decisión ratificada tamén polo Pleno da Corporación.

Porén, vemos, con preocupación aínda que sen sorpresa, como a administración competente na materia mira continuamente cara outro lado negándose a asumir a súa posta en funcionamento e a súa xestión. Inacción esta que non se xustifica na falta de demanda social, como puxeron de manifesto os veciños e veciñas que se concentraron de maneira ininterrompida durante case un ano no Salón de Pleno dos Concello, nin nas cifras, xa que segundo os últimos datos de poboación publicados polo Instituto Galego de Estatística no terno municipal de Rianxo hai 4257 persoas maiores de 55 anos, mentres que nun concello veciño, que conta dende fai anos cun centro de día de titularidade pública, ten a cuarta parte da cifra rianxeira.

Así pois, tendo en conta o exposto anteriormente, e co ánimo de reeditar o consenso da corporación municipal observado durante a lexislatura anterior no que ten que ver coa reclamación deste servizo, o Grupo Municipal de Rianxo en Común, solicítalle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguinte **ACORDO**:

1. Instar de maneira firme ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, da Consellería de Traballo e Benestar, a que salde a débeda que mantén co Concello de Rianxo, acometendo as actuacións necesarias para a elaboración do proxecto, construción e xestión pública do Centro de Día para persoas rnaiores.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

7 MOCIÓN: DECLARACIÓN DO RÍO TE COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a DECLARACIÓN DO RÍO TE COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL.

A secretaria da corporación pide a palabra para advertir que na Lei 5/2019 de 2 de agosto de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia se instrumenta un procedemento para que o Pleno do Concello poida levar a cabo o citado acordo: Memoria xustificativa coa documentación

correspondente, conformidade propietarios afectados, xunto co acordo Plenario correspondente efectuando a correspondente solicitude. Indica que non se debe adoptar acordo plenario en tanto non existe expediente administrativo esixido pola normativa para efectuar a solicitude á Xunta de Galicia. Así mesmo indica que non se concreta a composición e funcionamento da citada Comisión. O señor Alcalde indica en atención as advertencias de secretaría ou ben se reconduce a un rogo ou non se podería votar a favor.

Finalmente o voceiro proponente acepta plantear a citada moción como un Rogo no correspondente punto da orde do día da sesión.

8 MOCIÓN: ADECUACIÓN INTEGRAL DA PISTA DE OUTEIRO-CAMPELO (ARAÑO)

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a ADECUACIÓN INTEGRAL DA PISTA DE OUTEIRO-CAMPELO (ARAÑO).

A secretaria da corporación pide a palabra para indicar que o acordo relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) para o ano 2020 debe seguir o modelo previsto nas correspondentes bases, polo que deberá incluír todos os investimentos que oportunamente a Corporación decida incluír no mesmo (por decisión propia ou consensuada cos grupos municipais), e deberá ir acompañado da documentación oportuna esixida pola Deputación da Coruña. En base ao exposto, a citada proposta non se axusta ao esixido polas bases reguladoras do citado Plan, resaltando a ausencia de documentación respecto ao mesmo. Aclara que si o que o citado grupo pretende é que o señor Alcalde inclúa na súa proposta de acordo a elevar a Pleno a citada obra, deberá solicitalo oportunamente mediante escrito dirixido ao señor Alcalde do Concello ou formulalo como rogo na sesión plenaria ou a través de calquera outra canle de comunicación que estima oportuna co señor Alcalde e concelleiro/a delegado correspondente. O señor Alcalde indica que en breve convocará unha reunión para poder tratar como se van a tramitar as mocións a partir de agora ante a confusión entre esa figura e un rogo e considerando as advertencias que se fan por secretaría.

Finalmente o voceiro proponente acepta plantear a citada moción como un Rogo no correspondente punto da orde do día da sesión.

9 CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E

POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción , aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 membros que constituen a corporación.

O Alcalde cede a palabra a vogal do grupo PSOE, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de decembro de 1999, a través da resolución 54/134, a Asemblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Unha data que debe servir, non só para a reflexión por parte de toda a sociedade, senón tamén para a renovación dos esforzos por parte de todas as institucións políticas e sociais, para loitar contra esta vulneración dos dereitos humanos a nivel global.

No ano 2014, España ratificou o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), que supón o primeiro mecanismo vinculante en Europa para “Protexer ás mulleres contra todas as formas de violencia, e previr, perseguir e eliminar a violencia contra a muller e a violencia doméstica”; e que, por tanto, o devandito Convenio é de obrigado cumprimento.

O artigo 15 da nosa Constitución recoñece o dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, ninguén poida ser sometido a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pola súa banda o artigo 9.2 establece a obrigaición dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A violencia contra as mulleres é estrutural e histórica. Atópase presente en todos os países e culturas, independente do nivel educativo e a posición social. No presente decenio asistimos a unha ofensiva visible a escala mundial e europea contra a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres.

A violencia contra as mulleres constitúe a vulneración máis estendida dos dereitos humanos no mundo e a súa orixe radica na discriminación que sofren as mulleres respecto dos homes. A violencia machista non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigaición. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo mero feito de ser mulleres.

Para iso necesitamos o compromiso individual da cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo da sociedade todos os días do ano. A colaboración dos homes desempeña un papel importante no fomento da igualdade de xénero e a eliminación da violencia contra as mulleres.

A violencia machista interpélanos a todos e todas e é a nosa obrigación combatela con todos os medios dispoñibles, empezando polas administracións, cada unha no ámbito das súas competencias.

A violencia machista é a primeira causa de morte prematura entre as mulleres, o machismo mata e ten que ser unha cuestión política de primeira orde. Segundo a última macroenquisa sobre violencia de xénero realizada en 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o 12,5% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida, o que en termos absolutos supoñen 2,5 millóns de mulleres en España, o 2,7% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia no último ano e o 64% dos fillos e fillas das vítimas presenciaron os episodios de violencia.

Máis de 1.027 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou exparellas desde o ano 2003, data que marca o inicio da recompilación de datos oficiais. No que levamos de 2019, foron asasinadas 47 mulleres e 3 menores, e aínda hai máis asasinatos de mulleres en investigación.

No noso país os últimos anos producíronse avances lexislativos moi significativos en materia de loita contra a violencia sobre a muller. Dispoñemos dun marco lexislativo a través da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero, e contamos desde o ano 2017 cun Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados.

A pesar do consenso alcanzado en torno ao Pacto de Estado contra a Violencia de xénero, a inacción do anterior goberno do PP fixo que case un ano despois da súa aprobación apenas se puxo en marcha. O Goberno socialista atopouse con cuestións que tiñan un carácter apremiante e cuxa implementación foi aprobada o máis axiña posible a través dunha Real Decreto-Lei (Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero). Nun período inferior a dous anos o Goberno do PSOE puxo en marcha o 82% das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero demostrando así o seu pleno compromiso coa Igualdade.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia cara ás mulleres, que garanta unha resposta rápida e efectiva ás mulleres que sofren violencia, así como aos seus fillos e fillas, xerando os mecanismos necesarios para conseguilo.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia machista, mantela como prioridade política e democrática, illar aos violentos e a quen lles dea cobertura política. Ademáis, hai que esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas e desenvólvanse todos os recursos e medidas que se contemplan no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Rianxo propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Seguir poñendo en valor desde este concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres.
2. Manifestar a nosa repulsa a todas as formas de violencia cara ás mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declarar a este municipio “Tolerancia cero cos maltratadores”.
3. Expresar o rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
4. Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e os defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances legislativos e políticos na última década no que respecta a a evolución e a práctica dos dereitos das mulleres.
5. No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, desde este concello comprometémonos a impulsar a aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero así como as estratexias e plans a nivel autonómicos vixentes, en coordinación con todos os poderes públicos.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

10 DECLARACIÓN DE ALDEA MODELO A UN NÚCLEO RURAL DO CONCELLO DE RIANXO

O señor Alcalde sinala que pola Comunidade de Montes de Araño se lle traslada unha moción para o Pleno solicitándose:

1. Solicitalle á consellería a declaración de Aldea Modelo nun dos núcleos rurais do Concello de Rianxo.
2. En caso de cumprirse o punto anterior, manter o compromiso e colaboración ata o fin deste proxecto.

O señor Alcalde explica que é precisa a aceptación maioritaria dos veciños da aldea en cuestión e que sería necesario realizar algúns trámites administrativos antes de adoptar acordo algún ao respecto. Non obstante , aínda que non se vai a propoñer a citada Moción ao Pleno, di que saúdase a iniciativa da comunidade de montes e que quere que se lle dea conta á Comunidade de Montes do que se falou no Pleno para que saiban que se valorará a súa iniciativa.

11 ROGOS E PREGUNTAS

Fanse constar expresamente e sen perxuízo do que se recolle na acta multimedia respecto ao punto de ROGOS E PREGUNTAS, os seguintes ROGOS:

1. O Voceiro do grupo municipal REC pide ao señor Alcalde que se declare o río Té como de espazo natural, realizando os trámites oportunos para a creación dunha Comisión de seguimento e que se eleve expediente ao Pleno do Concello coa memoria e documentos precisos para acordar a solicitude á Xunta de Galicia.
2. O Voceiro do grupo municipal REC pide ao señor Alcalde que se inclúa na proposta do POS 2020 a obra de Outeiro, convocándose as comisións informativas canto antes para poder examinar as propostas.
3. O Voceiro do grupo municipal REC roga que se solicite a declaración de Aldea Modelo no núcleo de Rianxo, realizando as tramitacións administrativas oportunas.

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:

3416f2025660de26b8f0ba342eaa0f8cc83a8a74c31516afb3fc3e239596663a

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=SLULbYcannI>